N/REF: JBD/jpm

ASUNTO: Informe do proxecto de Anteproxecto de Lei de Calidade Alimentaria de Galicia.

Por escrito da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Rural, do 22 de xuño do presente ano, remítese solicitude de informe sobre o anteproxecto de Lei de calidade alimentaria de Galicia. Achégase coa dita solicitude o texto do anteproxecto de lei e o resto da documentación exixida pola Lei 16/2010.

En relación có dito anteproxecto de lei, a solicitude da Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Medio Rural, e de conformidade co disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico, esta dirección xeral emite o seguinte

INFORME

I- A Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do disposto no artigo 30.1º., puntos 3 e 4 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado mediante a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, ten a competencia exclusiva, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria, en materia de agricultura e gandería así como denominación de orixe, esta última en colaboración co Estado.

O presente anteproxecto de lei ten por obxecto sistematizar nunha única disposición a complexa normativa en materia de calidade alimentaria para dar unha maior seguridade xurídica aos operadores e axentes que actúan na Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén constitúe obxecto deste anteproxecto de lei o impulso da calidade diferenciada na Comunidade Autónoma de Galicia e o establecemento das bases para o control oficial do cumprimento dos requisitos establecidos para a comercialización dos productos alimentarios e a persecución da fraude alimentaria.

II- En canto á súa estrutura formal, o anteproxecto componse de cento dezaseis artigos, distribuídos en un título preliminar e sete títulos, dúas disposición adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria e catro disposicións derradeiras.

III– Examinado o contido do anteproxecto de lei, no que atinxe ás materias competencia desta Dirección Xeral, non se considera preciso facer ningunha observación ao mesmo.

CVE: NyLhfy3Jxyl0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Función Pública
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.funcion.publica@xunta.gal

De conformidade co exposto, esta Dirección Xeral **informa favorablemente** o anteproxecto de Lei de calidade alimentaria de Galicia.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela.

Asinado por: BARREIRO DIAZ, JOSE MARIA
Cargo: Director xeral da Función Pública
Data e hora: 04/07/2022 13:37:39

CVE: NyLhfy3Jxyl0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Función Pública
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.funcion.publica@xunta.gal